



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 04/02/2009.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Fernando Márquez Hermida.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. José Romero Ledo.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Serafín Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e trinta e catro minutos do día catro de febreiro de dous mil nove, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día dez de xaneiro do presente ano dous mil nove. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación á aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. ACORDOS SOBRE ADHESIÓN A CONVENIO PARA IMPLANTACIÓN DUNHA REDE DE OFICINAS INTEGRADAS DE ATENCIÓN Ó CIDADÁN.

Dase conta do establecido na Resolución do 22/06/2008, da Secretaría Xeral para a Administración Pública do Ministerio de Administracións Públicas (BOE nº 160, do 05/07) pola que se publica o Convenio marco entre a Administración do Estado e a Xunta de Galicia para a



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ó cidadán no ámbito territorial de Galicia, e das instrucións para formular solicitude de adhesión a ese convenio marco remitidas a este Concello. Dase conta tamén do interese que ten a iniciativa, que suporía a posibilidade de rexistrar nas oficinas do Concello escritos dirixidos á Administración do Estado, o mesmo que xa se fai coa Xunta de Galicia e coa Deputación Provincial, mediante convenios oportunamente asinados con esas administracións.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declárase urxente en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda solicitar a adhesión deste Concello ó Convenio marco entre a Administración do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ó cidadán no ámbito territorial de Galicia, facultando a tal efecto ó Sr. Alcalde, tan amplamente como sexa preciso, para a realización dos trámites e a sinatura dos documentos necesarios para a plena efectividade do presente acordo.

TERCEIRO.- ACORDOS RELATIVOS ÁS CONSECUCIAS DO TEMPORAL DO 23 DE XANEIRO.

O Sr. Alcalde comeza decindo que considerouse oportuna a inclusión deste asunto na Orde do Día da seión, para que os grupos políticos poidan analizar o sucedido e as medidas adoptadas ata o momento. Di que probablemente foi un temporal de intensidade superior ó Hortensia, o máis forte que lembran os vellos, e que nalgúns aspectos, pillou de sorpresa ó Concello, e desbordou as previsións, os preparativos e o plan de emerxencias aprobado recentemente. Di que o primeiro que se fixo, nunha situación de incomunicación, xa que nin sequeira funcionaban os teléfonos móbiles, foi por en alerta ó persoal do Concello, que xunto cos propios veciños, cuxo comportamento foi moi de agradecer, comezaron por tratar de despexar a rede viaria das árbores caídas que impedían o tránsito, coa axuda de varios tractores contratados urxentemente dende o Concello. En canto ó tema dos cortes de electricidade, di que xa está restablecido o subministro e que, en xeral, respostaron mellor e máis eficazmente á situación as compañías subministradoras pequenas que as máis grandes, sendo Fenosa a peor, a que máis tardou en solucionar as avarías. Di que os danos a particulares van ser cubertos con axudas públicas que a Xunta convocou ou convocará próximamente, que é necesaria unha mellor planificación xeral para evitar consecuencias tan graves no futuro e que os danos son especialmente importantes no sector forestal, como se comprobará nos próximos meses, e remata decindo que do que se trata é de aprender do sucedido para planificar unha mellor prevención para o futuro, e para evitar os fallos que nesta ocasión se manifestaron, como a incomunicación telefónica, que se podería resolver con emisoras de radio.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

O Sr. Bedoya interven brevemente de seguido para dicir que dentro da gravidade das consecuencias do temporal, temos que felicitarnos por non ter sufridas máis desgracias persoais, que a pesar dos avisos previos ó temporal, o certo é que cos medios de que disponemos, pouco máis era posible facer, e que o seu grupo non vai aproveitar esto políticamente, como outros fixeron noutras ocasións. Critica ás compañías eléctricas, solicitando que se lles esixan as responsabilidades que correspondan, e un mantemento adecuado das súas liñas, a cambio das subas de tarifas que están a aplicar. Adica un agradecemento especial ós veciños, que sempre colaboran cando é preciso, e remata preguntando se o Concello ten un modelo de solicitude de axudas para reparación de danos, e pedindo que se axilien os trámites para o pagamento desas axudas.

O Sr. Alcalde di que se están a recoller datos dos veciños afectados, á espera da publicación das convocatorias de axudas xa anunciadas pola Xunta, e que se tratará de abreviar no posible os prazos de aboamento das axudas.

O Sr. Gudín, que toma a palabra brevemente de seguido, pregunta polos tributos municipais que terían que pagar os solicitantes de licencias urbanísticas para a reparación de danos, respostándoselle polo Sr. Alcalde que non hai exencións previstas nas actuais ordenanzas, pero que se estudiará para o futuro esa posibilidade, e que cabe sen embargo a posibilidade de establecer unha liña de subvencións a esa finalidade.

Non se somete a votación acordo algún.

CUARTO.- SORTEO DOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS.

Visto o contido do artigo 26 da Ley Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, o Pleno da Corporación da inicio o sorteo público para a designación dos membros, tanto titulares como suplentes, de cada unha das oito Mesas Electorais que deberán constituirse para a celebración das eleccións ó Parlamento de Galicia convocadas para o próximo día primeiro de marzo, que se realiza por medios informáticos.

Cada unha das Mesas Electorais queda integrada polas persoas que se relacionan no expediente tramitado a tal finalidade, do que se informará coa brevidade posible á Xunta Electoral de Zona de Ferrol, ós efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as vinte horas e dez minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,